

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE ABRIL DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:15 horas do día 28 de abril de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de abril (orde do día ampliada o 27 e 28 de abril), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
 D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
 D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
 D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 4a)
 D. Luis Rodríguez Cadarso de la Peña (asiste aos puntos 15a e 10a)
 D^a. Fátima María Dueñas Corchero (asiste aos puntos 8a e 9a)
 D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 20 de abril de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta da sesión do 24 de abril de 2017

Apróbese a sesión do 24 de abril de 2017 co votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

c) Acta da sesión do 25 de abril de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 24 de abril de 2017, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. BABADIVA, S.L.
2. MR PICKWICK SCHOOL, S.L.
3. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.
4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.
5. MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.

Todas, agás MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. presentan documentación no referido prazo.

Así mesmo, solicitouse a DANIELA ALVITE WAISMAN que indicase un enderezo electrónico para os efectos de notificación (xa que na súa declaración responsable aceptaba o correo electrónico como medio de notificación). A referida licitadora achega,

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 - BABADIVA, S.L. (lote 6)
 - MR PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 4 e 5)
 - ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. (lote 4)
 - ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 3)
- b) Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:
 - ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 6): a solvencia técnica e profesional que declara resulta insuficiente para a prestación deste lote, de conformidade coa cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 3F do seu Anexo I -FEC-.
 - MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. (lote 6), a solvencia técnica e profesional que declara resulta insuficiente para a prestación deste lote, de conformidade coa cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 3F do seu Anexo I -FEC-. Solicitada a emenda da declaración responsable con data do 24 de abril de 2017, a empresa non presentou documentación ningunha en prazo.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *“Documentación persoal”*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir a GARCI VENTA, S.L. (lotes 1, 2, 3, 5, 6 e 7) neste procedemento por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 4, 5, 6 e 7): en relación coa solvencia técnica e financeira, declara que *“executou contratos de subministro de prestacións análogas ás do obxecto do contrato nos cinco últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas), nas institucións ou empresas que se indicarán a continuación e polos importes que se citan, tendo realizado no ano 2011-2016 subministracións análogas por importe igual ou superior ao prezo do contrato, circunstancia que será acreditada no momento procedimental de acordo co previsto no TRLCSP”*.

No entanto, non constan na declaración os contratos de subministros análogos con indicación dos datos esixidos no Anexo II ao prego de cláusulas administrativas particulares (*“Institución Contía Ano Breve descrición do subministro”*), necesarios para a comprobación da solvencia técnica.

En consecuencia, deberá indicar unha relación de contratos *“de prestacións análogas ás do obxecto do contrato nos cinco últimos anos”*, para cada un dos lotes aos que licita, co obxecto de comprobar se posúe a solvencia técnica esixida para cada un dos lotes.

2. ICOGA, S.L.: ao non indicar no sobre A os lotes aos que licita, non se pode comprobar se posúe a solvencia técnica e financeira esixida para cada un dos lotes. Lémbrese que a solvencia técnica, de conformidade coa cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) a través de:

“Unha relación das principais subministracións similares ao obxecto do contrato realizadas nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, por importe igual ou superior ao prezo do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita subministros por importe igual ou superior ao prezo do contrato”.

Ao tratarse dun contrato dividido en lotes, deberá declarar solvencia técnica para cada un dos lotes aos que se presenta, tendo en conta os importes recollidos no apartado 3F do Anexo I -FEC- do PCAP.

3. TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.: ao non indicar no sobre A os lotes aos que licita, non se pode comprobar se posúe a solvencia técnica e financeira esixida para cada un dos lotes. Lémbrese que a solvencia técnica, de conformidade coa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) a través de:

“Unha relación das principais subministracións similares ao obxecto do contrato realizadas nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, por importe igual ou superior ao prezo do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita subministros por importe igual ou superior ao prezo do contrato”.

Ao tratarse dun contrato dividido en lotes, deberá declarar solvencia técnica para cada un dos lotes aos que se presenta, tendo en conta os importes recollidos no apartado 3F do Anexo I -FEC- do PCAP. De conformidade co Anexo II do PCAP deberá indicar os seguinte datos: “Institución Contía Ano Breve descrición do subministro”.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos nos lotes 3 “verán na praia”, 4 “verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais e pre- multideportivas”, 5 “verán en inglés” e 6 “campamento con pernocta en Vigoo”.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b requirir a varios licitadores a emenda da documentación persoal.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6628-104) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Actividades Turísticas e a concelleira de Festas e Turismo o 23 de abril de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, así como o informe do 27 de abril de 2017 que rectifica o anterior.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6628-104) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica de Actividades Turísticas e a concelleira de Festas e Turismo o 27 de abril de 2017 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Recurso especial en materia de contratación interposto por FCC AQUALIA, S.A. E IDONDEA CYS, S.L. UTE LEY 18/1982 DE 26 DE MAYO "UTE CENTROS DEPORTIVOS VIGO" contra a adxudicación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto por FCC AQUALIA, S.A. E IDONDEA CYS, S.L. UTE LEY 18/1982 DE 26 DE MAYO "UTE CENTROS DEPORTIVOS VIGO" contra a adxudicación deste procedemento.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

A secretaria informa aos membros da Mesa de varias cuestións relacionadas con este procedemento:

1. O licitador clasificado en primeiro lugar OH VIGO, S.L. non cumprimentou o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo concedido, polo que se entende que retirou a súa oferta, de acordo co previsto no citado artigo.
2. O referido licitador presentou con data do 25 de abril de 2017 un escrito no que comunica a súa renuncia á licitación "por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres".
3. Segundo o certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 no que se fai constar que OH VIGO, S.L. ten débedas de natureza tributaria con este Concello.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo en conta que o licitador clasificado en primeiro lugar OH VIGO, S.L. non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo concedido, así como o seu escrito de data 25 de abril de 2017 de renuncia á licitación “por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres” e o certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 no que se fai constar que OH VIGO, S.L. ten débedas de natureza tributaria con este Concello, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propón á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta. Así mesmo, o citado licitador presentou con data do 25 de abril de 2017 un escrito de renuncia á licitación “por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres” e, segundo consta no certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 esta empresa ten débedas de natureza tributaria pendentes de pagamento na vía de constrinximento con este Concello.

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 6 de abril de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 31 de marzo de 2017:

1. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,15
2	EXTRACO, S.A.	92,62
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	92,31
4	ORECO, S.A.	91,09
5	MISTURAS, S.A.	91,04
6	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,17
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,52
8	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,06
9	COPCISA, S.A.	86,67
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	85,37
11	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	82,62
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	76,09

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.029,96 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 9 de marzo e 4 de abril de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440) por un prezo total de 755.780,52 euros, sendo a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



cota correspondente ao IVE de 131.168,52 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación xuízo de valor	Puntuación a través de fórmula	Puntuación total
PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD, S.L.	7	75,85	82,85
SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.	11	54,21	65,21

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
173,6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.719,89 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., o día 6 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 24 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, e acordou requirir ao licitador, o 26 de abril, a súa emenda.

O 27 de abril PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. achegou a documentación requirida. A Mesa de Contratación, na súa sesión do 28 de abril, cualificou a referida documentación, sendo esta correcta, polo que se acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 27 de marzo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 251.220,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.600,20 euros.*
- b) Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:
 - Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota
 - con acceso desde móbil á plataforma
 - con xestión de cámaras remota
 - Propón un incremento de cámaras de videovixilancia
 - 0 cámara exterior motorizada antivandálica
 - 1 cámara exterior antivandálica
 - 4 cámaras exterior / interior
 - 0 Módulos antisabotaxe
 - 0 Detectores volumétricos
- c) Propón un incremento do número de visitas de control:
 - Durante o peche dos centros 2 visitas.
 - En horario diúrno en sábados, domingos e festivos 2 visitas.
- d) Propón un incremento de 5 acudas por incidencia.
- e) Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.
- f) *Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 30 minutos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:37	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA243-CDD727-E4D655-YQTGAT-G2ZE9T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		